

## 3.2

# cobertura e financiamento da protección social

**A** análise da cobertura e financiamento das prestacións sociais, baseada nos datos facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social e os datos recollidos nos Presupostos da Xunta, divídese en dúas partes. A primeira está adicada ó financiamento e cobertura social do Estado, que fundamentalmente se refire ás prestacións económicas (éstas son analizadas máis polo miúdo no punto 3.3.- *Prestacións económicas*). En 1999, as obrigas recoñecidas da Seguridade Social ascenderon a 639.532 millóns de pesetas, un 3,6% máis que en 1998.

A segunda parte estudia a cobertura social da Comunidade Autónoma e engloba, basicamente, á cobertura social e sanitaria da Xunta (ver punto 3.4.- *Prestacións sanitarias e sociais*). A cantidade presupostada para as dúas consellerías con competencias nestas materias foi de 374.192 millóns de pesetas, o que supón un crecemento do 6,2% respecto ó ano anterior. O seu peso relativo no total dos presupostos da

Xunta mantense en 1999 no 38,2% do gasto total.

### Financiamento e cobertura social do Estado

A afiliación á Seguridade Social no ano 1999, **cadro 2.1.2.** (*Traballadores en alta laboral 1998-99: distribución segundo réximes*), experimentou un crecemento do 4,5% respecto ó ano anterior (preto de 37.000 afiliacións máis), para acadalos 851,2 miles de persoas. Atendendo á súa distribución por réximes, a meirande parte destas afiliacións corresponde ó grupo do réxime xeral, que acolle ó 66,9% do total de afiliacións, seguido do réxime especial de autónomos, cun 18,8% das mesmas.

Os ingresos de cotas da Seguridade Social aumentaron en Galicia un 8,19% en 1999, ata acadalos 483.023,7 millóns de pesetas. A provincia de A Coruña ingresa un total de 207.629,3 millóns, o que supón o 43% do total

CADRO 3.2.1.

Ingresos de cotas (caixa convencional) da Seguridad Social 1998-99

(en miles de pesetas)

|           | Total       | A Coruña    | Lugo       | Ourense    | Pontevedra  |
|-----------|-------------|-------------|------------|------------|-------------|
| 1998      | 443.450.121 | 190.227.873 | 51.060.588 | 48.637.176 | 153.524.484 |
| 1999      | 483.023.689 | 207.629.282 | 55.452.254 | 52.089.115 | 167.763.038 |
| 99/98 (%) | 8,19        | 8,38        | 7,92       | 6,63       | 8,49        |

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

galego. Pola súa banda, Pontevedra, con 167.763 millóns de pesetas, recada o 34,7% do total. Lugo e Ourense ingresan 55.452,3 e 52.089,1 millóns de pesetas, respectivamente, o que significa o 11,5% e o 10,8% do total da comunidade.

Os **cadros 3.2.2., 3.2.3., 3.2.4., 3.2.5. e 3.2.6.** reflicten as **obrigas recoñecidas** totais das entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social. En Galicia, o total das obrigas ascendeu a 639.532 millóns de pesetas, dos que 601.705 millóns (o 94,1%) corresponden ás pensións e o 5,9% restante, 37.827 millóns de pesetas, ós subsidios. Por provincias, A Coruña é a que ten unhas maiores obrigas, con 240.912 millóns, o 37,7% do total galego, seguida de Pontevedra, con 198.859 millóns (31,1%) e Lugo e Ourense, con 105.990 (o 16,6%) e 93.771 millóns de pesetas (14,7%), respectivamente.

Atendendo a súa desagregación por réximes, os devanditos cadros reflicten que o réxime xeral e o agrario son os dous máis importantes, con 287.567 e 190.783 millóns de pesetas, respectivamente, aínda que o réxime agrario é o que máis obrigas recoñecidas ten nas provincias de Lugo e Ourense.

O **cadro 3.2.2.** reflicte que as pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 421.917 millóns de pesetas, seguidas das pensións de

viuvez, con 95.855 millóns de pesetas. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 23.272 millóns de pesetas.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 3.2.3.** recolle os datos da provincia da Coruña, onde, ó igual que no conxunto de Galicia, o réxime xeral é o que máis obrigas recoñecidas ten, con 122.123 millóns de pesetas (50,7% do total do gasto da Coruña), seguido do réxime especial agrario, con 56.803 millóns de pesetas (o 23,6%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas –ascenden a 156.192 millóns de pesetas–, seguidas das de viuvez (con 38.262 millóns). No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 8.557 millóns de pesetas.

En Lugo, **cadro 3.2.4.**, salienta a importancia do réxime especial agrario, que, no caso das pensións, presenta uns gastos superiores ó réxime xeral en tódolos subgrupos. As pensións de xubilación ascenden a 75.462 millóns de pesetas (o 56,8% corresponde ó réxime especial agrario), o que representa o 74,6% do total das pensións de Lugo.

En relación ós subsidios, os máis importantes son os de incapacidade temporal, que

CADRO 3.2.2.

Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridad Social na C.A. 1999

(en millóns de pesetas)

|                              | Xeral          | Traballadores autónomos | Agrario        | do Mar        | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Ent. Profesional | Non Contributiva | Total          |
|------------------------------|----------------|-------------------------|----------------|---------------|-------------------|---------------------|----------------------------------|------------------|----------------|
| <b>Pensións</b>              | 269.270        | 41.169                  | 186.436        | 48.870        | 2.369             | 10.827              | 16.323                           | 26.441           | 601.705        |
| Invalidez permanente         | 31.720         | 4.327                   | 10.568         | 4.857         | 253               | 1.030               | 6.216                            | 14.237           | 73.208         |
| Xubilación                   | 184.133        | 28.598                  | 148.691        | 33.629        | 1.775             | 9.518               | 3.369                            | 12.204           | 421.917        |
| Viuvez                       | 48.678         | 7.622                   | 23.951         | 9.458         | 316               | 218                 | 5.612                            | -                | 95.855         |
| Orfandade                    | 3.790          | 536                     | 2.126          | 743           | 21                | 39                  | 898                              | -                | 8.153          |
| Favor de familiares          | 949            | 86                      | 1.100          | 183           | 4                 | 22                  | 228                              | -                | 2.572          |
| <b>Subsidios</b>             | 18.297         | 4.862                   | 4.347          | 2.393         | 11                | 563                 | 822                              | 6.512            | 37.827         |
| Incapacidade temporal        | 11.839         | 4.310                   | 3.964          | 2.021         | 9                 | 498                 | 631                              | -                | 23.272         |
| Id. colaboración de empresas | 473            | -                       | -              | -             | -                 | -                   | -                                | -                | 473            |
| Maternidade                  | 3.583          | 368                     | 35             | 30            | -                 | 37                  | -                                | -                | 4.053          |
| Prestacións familiares       | 1.760          | 189                     | 303            | 197           | -                 | 27                  | -                                | 528              | 3.004          |
| Id. con minusvalía           | -              | -                       | -              | -             | -                 | -                   | -                                | 5.984            | 5.984          |
| Auxilio por defunción        | 23             | 6                       | 32             | 4             | 2                 | -                   | 2                                | -                | 67             |
| A tanto alzado               | 63             | 2                       | 12             | 9             | 2                 | 1                   | 91                               | -                | 180            |
| Por baremo                   | -              | -                       | -              | -             | -                 | -                   | 26                               | -                | 26             |
| Outros                       | 556            | 7                       | 1              | 132           | -                 | -                   | 72                               | -                | 768            |
| <b>Total</b>                 | <b>287.567</b> | <b>46.051</b>           | <b>190.783</b> | <b>51.263</b> | <b>2.380</b>      | <b>11.390</b>       | <b>17.145</b>                    | <b>32.963</b>    | <b>639.532</b> |

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO 3.2.3.

Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridad Social na provincia de Coruña 1999

(en millóns de pesetas)

|                              | Xeral          | Traballadores autónomos | Agrario       | do Mar        | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total          |
|------------------------------|----------------|-------------------------|---------------|---------------|-------------------|---------------------|----------------------------------|------------------|----------------|
| <b>Pensións</b>              | 114.799        | 16.176                  | 55.265        | 17.719        | 855               | 4.044               | 6.249                            | 11.312           | 226.419        |
| Invalidez permanente         | 12.980         | 1.633                   | 2.570         | 1.795         | 64                | 2.570               | 2.362                            | 5.928            | 27.684         |
| Xubilación                   | 78.350         | 11.271                  | 43.603        | 12.155        | 692               | 3.589               | 1.148                            | 5.384            | 156.192        |
| Viuvez                       | 21.391         | 3.011                   | 7.995         | 3.411         | 89                | 75                  | 2.290                            | -                | 38.262         |
| Orfandade                    | 1.661          | 225                     | 813           | 274           | 9                 | 17                  | 353                              | -                | 3.352          |
| Favor de familiares          | 417            | 36                      | 284           | 84            | 1                 | 11                  | 96                               | -                | 929            |
| <b>Subsidios</b>             | 7.324          | 1.810                   | 1.538         | 590           | 9                 | 201                 | 308                              | 2.713            | 14.493         |
| Incapacidade temporal        | 4.646          | 1.569                   | 1.411         | 485           | 9                 | 176                 | 261                              | -                | 8.557          |
| Id. colaboración de empresas | 175            | -                       | -             | -             | -                 | -                   | -                                | -                | 175            |
| Maternidade                  | 1.605          | 162                     | 12            | 4             | -                 | 13                  | -                                | -                | 1.796          |
| Prestacións familiares       | 586            | 73                      | 104           | 80            | -                 | 11                  | -                                | 221              | 1.075          |
| Id. con minusvalía           | -              | -                       | -             | -             | -                 | -                   | -                                | 2.492            | 2.492          |
| Auxilio por detención        | 10             | 2                       | 10            | 2             | -                 | -                   | -                                | -                | 24             |
| A tanto alzado               | 19             | -                       | -             | 1             | -                 | 1                   | 22                               | -                | 43             |
| Por baremo                   | -              | -                       | -             | -             | -                 | -                   | 13                               | -                | 13             |
| Outros                       | 283            | 4                       | 1             | 18            | -                 | -                   | 12                               | -                | 318            |
| <b>Total</b>                 | <b>122.123</b> | <b>17.986</b>           | <b>56.803</b> | <b>18.309</b> | <b>864</b>        | <b>4.245</b>        | <b>6.557</b>                     | <b>14.025</b>    | <b>240.912</b> |

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO 3.2.4.

Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social na provincia de Lugo 1999

(en millóns de pesetas)

|                              | Xeral         | Traballadores autónomos | Agrario       | do Mar       | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Trabajo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total          |
|------------------------------|---------------|-------------------------|---------------|--------------|-------------------|---------------------|---------------------------------|------------------|----------------|
| <b>Pensións</b>              | 31.642        | 6.818                   | 53.063        | 2.358        | 719               | 1.644               | 2.177                           | 2.749            | 101.170        |
| Invalidez permanente         | 3.490         | 660                     | 3.485         | 280          | 71                | 114                 | 957                             | 1.454            | 10.511         |
| Xubilación                   | 22.400        | 4.785                   | 42.861        | 1.641        | 542               | 1.482               | 456                             | 1.285            | 75.462         |
| Vuvez                        | 5.310         | 1.291                   | 6.178         | 405          | 103               | 41                  | 627                             | -                | 13.955         |
| Orfandade                    | 357           | 74                      | 417           | 24           | 3                 | 5                   | 110                             | -                | 990            |
| Favor de familiares          | 85            | 8                       | 122           | 8            | -                 | 2                   | 27                              | -                | 252            |
| <b>Subsidios</b>             | 1.891         | 572                     | 1.114         | 98           | 2                 | 61                  | 147                             | 935              | 4.820          |
| Incapacidade temporal        | 1.213         | 506                     | 964           | 88           | -                 | 55                  | 105                             | -                | 2.931          |
| Id. colaboración de empresas | 47            | -                       | -             | -            | -                 | -                   | -                               | -                | 47             |
| Mantenedora                  | 327           | 32                      | 13            | -            | -                 | 3                   | -                               | -                | 375            |
| Prestacións familiares       | 229           | 33                      | 117           | 5            | -                 | 3                   | -                               | 43               | 430            |
| Id. con minusvalía           | -             | -                       | -             | -            | -                 | -                   | -                               | 892              | 892            |
| Auxilio por defunción        | 3             | 1                       | 10            | -            | -                 | -                   | 2                               | -                | 16             |
| A tanto alzado               | 13            | -                       | 10            | 1            | 2                 | -                   | 14                              | -                | 40             |
| Por baremo                   | -             | -                       | -             | -            | -                 | -                   | 1                               | -                | 1              |
| Outros                       | 59            | -                       | -             | 4            | -                 | -                   | 25                              | -                | 88             |
| <b>Total</b>                 | <b>33.533</b> | <b>7.390</b>            | <b>54.177</b> | <b>2.456</b> | <b>721</b>        | <b>1.705</b>        | <b>2.324</b>                    | <b>3.684</b>     | <b>105.990</b> |

Fonte: Tesorería General de la Seguridade Social

CADRO 3.2.5.

Obrigas recoeficadas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridad Social na provincia de Ourense 1999

(en millóns de pesetas)

|                              | Xeral         | Traballadores autónomos | Agrario       | do Mar   | Minería do Carbón | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total         |
|------------------------------|---------------|-------------------------|---------------|----------|-------------------|---------------------|----------------------------------|------------------|---------------|
| <b>Pensións</b>              | 36.411        | 6.579                   | 39.205        | 1        | 405               | 1.454               | 2.063                            | 3.649            | 89.767        |
| Invalidez permanente         | 3.774         | 788                     | 1.777         | -        | 86                | 160                 | 758                              | 2.095            | 9.438         |
| Xubilación                   | 26.441        | 4.543                   | 31.731        | 1        | 258               | 1.257               | 529                              | 1.554            | 66.314        |
| Vuvez                        | 5.715         | 1.155                   | 4.953         | -        | 55                | 31                  | 665                              | -                | 12.874        |
| Orandade                     | 385           | 76                      | 391           | -        | 4                 | 4                   | 80                               | -                | 940           |
| Favor de familiares          | 96            | 17                      | 353           | -        | 2                 | 2                   | 31                               | -                | 501           |
| <b>Subsidios</b>             | 1.965         | 667                     | 561           | -        | -                 | 78                  | 57                               | 676              | 4.004         |
| Incapacidade temporal        | 1.287         | 603                     | 522           | -        | -                 | 71                  | 38                               | -                | 2.521         |
| Id. colaboración de empresas | 66            | -                       | -             | -        | -                 | -                   | -                                | -                | 66            |
| Maternidade                  | 308           | 32                      | 2             | -        | -                 | 4                   | -                                | -                | 346           |
| Prestacións familiares       | 237           | 29                      | 30            | -        | -                 | 3                   | -                                | 62               | 361           |
| Id. con minusvalía           | -             | -                       | -             | -        | -                 | -                   | -                                | 614              | 614           |
| Auxilio por defunción        | 3             | 1                       | 7             | -        | -                 | -                   | -                                | -                | 11            |
| A tanto alzado               | 3             | 2                       | -             | -        | -                 | -                   | 17                               | -                | 22            |
| Por baremo                   | -             | -                       | -             | -        | -                 | -                   | 1                                | -                | 1             |
| Outros                       | 61            | -                       | -             | -        | -                 | -                   | 1                                | -                | 62            |
| <b>Total</b>                 | <b>38.376</b> | <b>7.246</b>            | <b>39.766</b> | <b>1</b> | <b>405</b>        | <b>1.532</b>        | <b>2.120</b>                     | <b>4.325</b>     | <b>93.771</b> |

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

CADRO 3.2.6.

Obrigas reconfeccionadas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social na provincia de Pontevedra 1999

(en millóns de pesetas)

|                              | Xeral         | Traballadores autónomos | Agrario       | do Mar        | Minería do Carbon | Empregados do Fogar | Acc. Traballo e Enf. Profesional | Non Contributiva | Total          |
|------------------------------|---------------|-------------------------|---------------|---------------|-------------------|---------------------|----------------------------------|------------------|----------------|
| <b>Pensións</b>              | 86.418        | 11.596                  | 38.903        | 28.792        | 390               | 3.685               | 5.834                            | 8.731            | 184.349        |
| Invalidez permanente         | 11.476        | 1.246                   | 2.736         | 2.782         | 32                | 404                 | 2.782                            | 4.760            | 25.575         |
| Xubilación                   | 56.942        | 7.999                   | 30.496        | 19.832        | 283               | 3.190               | 1.236                            | 3.971            | 123.949        |
| Viuvez                       | 16.262        | 2.165                   | 4.825         | 5.642         | 69                | 71                  | 2.030                            | -                | 31.064         |
| Orfandade                    | 1.387         | 161                     | 505           | 445           | 5                 | 13                  | 355                              | -                | 2.871          |
| Favor de familiares          | 351           | 25                      | 341           | 91            | 1                 | 7                   | 74                               | -                | 890            |
| <b>Subsidios</b>             | 7.117         | 1.833                   | 1.134         | 1.705         | -                 | 223                 | 310                              | 2.188            | 14.510         |
| Incapacidade temporal        | 4.693         | 1.632                   | 1.067         | 1.448         | -                 | 196                 | 227                              | -                | 9.263          |
| Id. colaboración de empresas | 185           | -                       | -             | -             | -                 | -                   | -                                | -                | 185            |
| Maternidade                  | 1.343         | 142                     | 8             | 26            | -                 | 17                  | -                                | -                | 1.536          |
| Prestacións familiares       | 708           | 54                      | 52            | 112           | -                 | 10                  | -                                | 202              | 1.138          |
| Id. con minusvalía           | -             | -                       | -             | -             | -                 | -                   | -                                | 1.986            | 1.986          |
| Auxilio por detención        | 7             | 2                       | 5             | 2             | -                 | -                   | -                                | -                | 16             |
| A tanto alzado               | 28            | -                       | 2             | 7             | -                 | -                   | 38                               | -                | 75             |
| Por baremo                   | -             | -                       | -             | -             | -                 | -                   | 11                               | -                | 11             |
| Outros                       | 153           | 3                       | -             | 110           | -                 | -                   | 34                               | -                | 300            |
| <b>Total</b>                 | <b>93.535</b> | <b>13.429</b>           | <b>40.037</b> | <b>30.497</b> | <b>390</b>        | <b>3.908</b>        | <b>6.144</b>                     | <b>10.919</b>    | <b>198.859</b> |

Fonte: Tesorería General de la Seguridade Social

CADRO 3.2.7.

Presuposto consolidado das Consellerías de Sanidade e Servizos Sociais e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 1998-99: distribución económica

|                                    | (en millóns de pesetas)                             |      |           | (en millóns de pesetas)                             |      |           | Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude |          |      |      |   |   |           |
|------------------------------------|---|------|-----------|---|------|-----------|---|----------|------|------|---|---|-----------|
|                                    | Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e Sergas |      | 99/98 (%) | Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e Sergas |      | 99/98 (%) | 1998  |          | %    | 1999 |   | % | 99/98 (%) |
|                                    | 1998  | %    |           | 1999  | %    |           | 1998  | %        |      | 1999 | % |   |           |
| Cap. I Persoal                     | 141.109,6   | 43,1 | 145.657,9 | 42,7  | 3,2  | 6.920,2   | 22,9  | 7.148,2  | 18,2 | 3,3  |   |   |           |
| Cap. II Gastos bens corr.e serv.   | 79.857,3  | 24,4 | 85.629,3  | 25,1  | 7,2  | 4.020,2   | 13,3  | 4.114,3  | 10,5 | 2,3  |   |   |           |
| Cap. IV Transferencias correntes   | 83.820,2  | 25,6 | 85.919,9  | 25,2  | 2,5  | 17.586,9  | 58,2  | 26.207,8 | 66,7 | 49,0 |   |   |           |
| Operacións correntes               | 304.787,1   | 93,0 | 317.207,1 | 93,1  | 4,1  | 28.527,3  | 94,4  | 37.470,3 | 95,4 | 31,3 |   |   |           |
| Cap. VI Investimentos reais        | 21.573,5  | 6,6  | 22.198,1  | 6,5   | 2,9  | 1.187,3   | 3,9   | 1.287,2  | 3,3  | 8,4  |   |   |           |
| Cap. VII Transferencias de capital | 1.088,0   | 0,3  | 1.132,7   | 0,3   | 3,2  | 513,0     | 1,7   | 540,0    | 1,4  | 5,3  |   |   |           |
| Cap. VIII Activos financeiros      | 165,0   | 0,1  | 240,0     | 0,1   | 45,5 | -         | -   | -        | -    | -    |   |   |           |
| Operacións de capital              | 22.836,5  | 7,0  | 23.570,8  | 6,9   | 3,2  | 1.700,3   | 5,6   | 1.827,2  | 4,6  | 7,5  |   |   |           |
| Total bruto                        | 327.623,6   | 100  | 340.777,9 | 100   | 4,0  | 30.227,6  | 100   | 39.297,5 | 100  | 30,0 |   |   |           |
| Transferencias internas            | 4.918,1   |      | 4.965,6   |   | 1,0  | 742,7     |   | 917,7    |      | 23,6 |   |   |           |
| Total consolidado                  | 322.705,5   |      | 335.812,3 |   | 4,1  | 29.484,9  |   | 38.379,8 |      | 30,2 |   |   |           |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.2.8.

*Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais 1998-99:  
 distribución dos créditos por programas*

|   | 1998                    | 1999             | 99/98      |
|---|-------------------------|------------------|------------|
|   | (en millóns de pesetas) |                  | (%)        |
| 211 B Dirección e Sec.Xerais de SS.       | 200,2                   | 195,3            | -2,4       |
| 212 A Pensións e prestacións asistenc.    | 11.914,4                | 9.239,5          | -22,5      |
| 212 B Centros para servizos sociais       | 12.151,3                | 12.694,7         | 4,5        |
| 212 D Pensións e prestacións en serv.soc. | 1.759,5                 | 1.522,2          | -13,5      |
| 311 A Dirección e Sec. Xerais de Sanidade | 7.464,0                 | 7.750,4          | 3,8        |
| 313 A Protección e promoción da saúde     | 6.437,0                 | 6.559,8          | 1,9        |
| 441 A Elab. e Difus. Estatística          | 14,3                    | 14,4             | 0,7        |
| 2121 Atención primaria de saúde (313B)    | 105.923,0               | 111.057,6        | 4,8        |
| 2223 Atención especializada (312A)        | 173.154,3               | 183.243,7        | 5,8        |
| 2628 Formación Persoal Sanitario (314C)   | 3.687,1                 | 3.534,7          | -4,1       |
| <b>Total</b>                              | <b>322.705,1</b>        | <b>335.812,3</b> | <b>4,1</b> |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.2.9.

*Presuposto consolidado da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 1998-99: distribución dos créditos por programas*

|   | 1998                    | 1999            | 99/98       |
|---|-------------------------|-----------------|-------------|
|   | (en millóns de pesetas) |                 | (%)         |
| 211 A Dirección e Sec.Xerais de Protección Social | 2.496,4                 | 2.494,9         | -0,1        |
| 211 B Dirección e Sec.Xerais de SS.               | 2.439,8                 | 2.526,1         | 3,5         |
| 212 A Pensións e prestacións asistenc.            | 1.568,1                 | 1.789,5         | 14,1        |
| 212 B Centros para servizos sociais               | 2.061,1                 | 2.167,4         | 5,2         |
| 212 D Pensións e prestacións en serv.soc.         | 489,2                   | 503,7           | 3,0         |
| 241 A Fomento de emprego                          | 9.042,6                 | 21.603,8        | 138,9       |
| 241 B Fomento de emprego. FSE                     | 2.748,2                 | 5.398,6         | 96,4        |
| 355 B Fomento de actividade xuvenil               | 1.582,4                 | 1.856,4         | 17,3        |
| 441 A Elab. e Difus. Estatística                  | 33,7                    | 39,4            | 16,9        |
| 243 C Outras políticas activas                    | 7.023,4                 |                 | -100,0      |
| <b>Total</b>                                      | <b>29.484,9</b>         | <b>38.379,8</b> | <b>30,2</b> |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

ascenden a 2.931 millóns de pesetas, que representa o 60,8% do total dos subsidios na provincia de Lugo.

Na provincia de Ourense, as obrigas recoñecidas do réxime especial agrario (39.766 millóns) superan, tal e como reflicte o **cadro 3.2.5.**, ás do réxime xeral (38.376 millóns), pero, a diferenza do que acontece na provincia de Lugo, o réxime xeral supera ó réxime agrario no caso da viuvez.

Finalmente, o **cadro 3.2.6.** amosa os datos correspondentes á provincia de Pontevedra, onde as obrigas recoñecidas do réxime xeral ascenderon a 93.535 millóns de pesetas (47,0% do total do gasto da provincia), seguidas do

réxime especial agrario, con 40.037 millóns de pesetas (o 20,1%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas, ascendendo éstas ós 123.949 millóns de pesetas, seguidas das de viuvez, con 31.064 millóns. No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 9.263 millóns de pesetas.

### A cobertura social da Comunidade Autónoma

Os presupostos da Xunta adican no ano 1999 o 38,2% do seu presuposto ós capítulos da

Sanidade e Servicios Sociais e a Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. A cantidade adicada foi de 374.192 millóns de pesetas, un 6,2% máis que no ano anterior, dos que 335.812 millóns de pesetas corresponden á Consellería de Sanidade e ó Sergas, e os 38.380 millóns restantes á Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

O **cadro 3.2.7.** reflicte a importancia relativa das operacións correntes no presuposto total das dúas consellerías mencionadas. En 1999, as operacións correntes representan o 93,1% do total presupostado na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais (o 93,0% no ano 1998) e o 95,4% no caso da Consellería de Familia e Promoción de emprego, Muller e Xuventude (o 94,4% no ano anterior), en tanto que as operacións de capital representan o 6,9% e o 4,6%, respectivamente.

Comparado co ano anterior, o importe total adicado ás operacións correntes na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais ascende a 317.207 millóns de pesetas (un 4,1% superior ó do ano anterior) e a 37.470 millóns no caso da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (un 31,3% máis que en 1998).

Atendendo á distribución dos créditos por programas, o **cadro 3.2.8.** amosa que os dous programas máis importantes na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais son os de atención especializada e atención primaria de saúde, que acollen 294.301 millóns de pesetas (o 87,6% do total presupostado).

No caso da Consellería de Familia, **cadro 3.2.9.**, salienta o aumento das cantidades adicadas ós programas de fomento do emprego. En 1999 adícanse un total de 27.002 millóns de pesetas (o 70,4% do presupostado), un 129% máis que no ano 1998. ■